



BASES QUE REXERÁN A CONVOCATORIA PARA A PROVISIÓN, POLO SISTEMA DE CONCURSO, DUN/HA PROFESOR/A DE EDUCACIÓN DE ADULTOS NO CONCELLO DE TEO

Primeira.- Obxecto da convocatoria.

O obxecto da presente convocatoria é a contratación laboral temporal, mediante o sistema de concurso, dunha persoa para impartir o curso de preparación das probas para a obtención do graduado en ESO dentro do programa de formación de adultos na Comunidade Autónoma de Galicia.

A modalidade contractual será a dun contrato laboral temporal, por obra ou servizo determinado e a tempo parcial, cunha duración de seis meses e unha xornada de 12 horas semanais.

A persoa contratada deberá desenvolver o programa de formación de adultos correspondente.

Segunda.- Requisitos dos/as aspirantes.

Para participar no proceso selectivo os/as aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

- a) Ser español, ou nacional dun estado membro da Unión Europea ou dos estados aos que se refire o artigo 57 da Lei 7/2007, do estatuto básico do empregado público.
- b) Ter cumpridos 16 anos de idade.
- c) Estar en posesión dunha licenciatura. Este requisito acreditarase mediante a presentación dunha copia compulsada do orixinal no momento previo á contratación.
- d) Estar en posesión do máster ou curso de aptitude pedagóxica. Este requisito acreditarase mediante a presentación dunha copia compulsada do orixinal no momento previo á contratación.
- e) Non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico, que impida o desempeño das funcións propias do posto de traballo para o que se opta.
- f) Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera administración pública.
- g) Non estar incurso/a en causa de incompatibilidade ou incapacidade conforme á normativa vixente, estando este requisito referido ao día de formalización do contrato no caso de ser seleccionado/a.



Terceira.- Presentación de solicitudes.

As solicitudes para participar no proceso selectivo presentaranse no rexistro xeral do concello no prazo de 5 días naturais, contados dende o seguinte á publicación do anuncio desta convocatoria nun diario de tirada a nivel de toda Galicia, ou por calquera das formas previstas no artigo 38.4 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (neste caso, os aspirantes deberán comunicalo mediante telegrama ou telefax durante o prazo de presentación de instancias) segundo modelo que figura como anexo II das presentes bases.

As solicitudes irán acompañadas da documentación seguinte, en orixinal ou copia debidamente cotexada:

- Documento Nacional de Identidade ou documento que o substitúa.
- Titulación oficial da licenciatura.
- Certificado de ter realizado o máster ou curso de aptitude pedagóxica.
- Relación de méritos que se alegan en relación co anexo I das presentes bases, debidamente acreditados.
- Proxecto educativo

Cuarta.- Admisión de aspirantes.

Rematado o prazo de presentación de instancias, se ditará resolución no prazo máximo de dez días naturais declarando aprobada a listaxe provisional de admitidos/as e excluídos/as con indicación, se é o caso, das causas de exclusión.

Esta resolución publicarase no taboleiro de edictos do Concello de Teo e será determinante para os efectos de posibles impugnacións e recursos, de conformidade co previsto na lei.

Os/as aspirantes excluídos/as dispoñen dun prazo de tres días seguintes á publicación da antedita resolución, para presentar as reclamacións oportunas ou emendas de defectos, nos termos do art. 71 da Lei 30/92.

Posteriormente, se declarará aprobada a lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as que se publicará no taboleiro de edictos do Concello de Teo.

Na resolución indícarase tamén cal será a data, lugar e hora na que se reunirá a comisión seleccionadora para levar a cabo a valoración de méritos.

De non existir aspirantes excluídos/as, se elevará a definitiva a listaxe provisional na mesma resolución da aprobación.

Coa publicación no taboleiro de anuncios da puntuación dos méritos dos participantes, se indícará a data, lugar e hora na que se realizará a lectura e explicación dos proxectos educativos por parte das/os aspirantes.

Quinta.- Comisión seleccionadora.



A comisión de selección encargada de valorar os méritos alegados polos aspirantes estará integrada polos seguintes membros:

Presidente: Diego Viña Feás. AEDL do Concello.

Suplente: Dna. Pilar Sueiro Castro. Adxunta á Secretaría.

Vogal: Dna. María Consuelo Cajide Labandeira. Psicóloga do Concello.

Suplente: Dna. Mónica I. Lado Varela. Interventora do Concello.

Secretaria-vogal: A secretaria do Concello ou funcionario/a en quen delegue.

Sexta.- Proceso de selección.

A selección do candidato/a realizarase a través do procedemento de concurso.

O Proceso de selección desenvolverase en dúas fases:

- Valoración de méritos – 8 puntos

Na fase de concurso serán valorados pola Comisión seleccionadora os méritos aportados polos aspirantes, de acordo co baremo establecido no anexo I destas bases.

Ditos méritos terán que aportarse debidamente acreditados no momento de presentación de instancias, mediante orixinais ou copias compulsadas dos títulos, contratos de traballo ou certificados correspondentes.

- Valoración do proxecto educativo – 4 puntos

A comisión seleccionadora convocará ós/ás aspirantes incluídos na lista definitiva de admitidos para a lectura e explicación do proxecto educativo presentado.

A cualificación, axustándose ao establecido nas presentes bases, levarase a cabo pola Comisión de selección que publicará no taboleiro de anuncios do Concello a relación de aspirantes presentados/as coa puntuación obtida, elevándose ó Alcalde- Presidente a correspondente proposta de contratación a favor do/a candidato/a que obtivera a maior puntuación total.

Se algún candidato/a inicialmente proposto renunciase á contratación ou non puidese acreditar os requisitos necesarios, a proposta de contratación da Comisión de selección sería a favor do seguinte aspirante con maior puntuación total.

Sétima.- Incidencias.

A Comisión de selección queda autorizada para resolver as dúbidas que se presenten e adopta-os acordos necesarios para o bo funcionamento do proceso en todo o non previsto nestas Bases.

Oitava.- Duración do contrato.



O contrato se formalizará a tempo parcial, e terá unha duración de seis meses dende a data de contratación.

Novena.- Formalización do contrato.

O/a aspirante proposto/a disporá dun prazo de tres días contados desde o día seguinte ao da publicación no taboleiro de anuncios da proposta de contratación, para achegar (co obxecto de subscribir o correspondente contrato laboral) a seguinte documentación:

a) Certificado oficial de non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co exercicio das funcións para as que resultou seleccionado.

b) Declaración expresa de non estar incurso en causa de incompatibilidade ou de incapacidade conforme á normativa vixente.

c) Declaración de non estar separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das administracións nin atoparse inhabilitado para o exercicio e desempeño das funcións públicas.

Unha vez presentada a documentación referida procederase á formalización do contrato.

Poderase establecer unha lista, por orde de puntuación para posible substitución da persoa seleccionada.

Décima.- Norma final.

A presente convocatoria, as súas bases e tódolos actos administrativos que da mesma se deriven e das actuacións da comisión seleccionadora, poderanse impugnar no caso e na forma dispostos na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común.

ANEXO I

Baremo de méritos a valorar para a contratación dun/ha profesor/a de adultos:

- **Experiencia profesional:** ata un máximo de 5 puntos que se valoraran da seguinte forma:

- a) Por servizos prestados impartindo clases de formación de adultos ou clases de reforzo educativo, ata un máximo de 3 puntos, que se valorará a razón de 0,10 puntos/mes.
- b) Por servizos prestados impartindo clases de formación de carácter xeral, ata un máximo de 1 punto, que se valorará a razón de 0,05 puntos/mes.
- c) Por servizos prestados impartindo cursos de formación, ata un máximo de 1 punto, que se valorará da seguinte forma:



- c.1) cursos impartidos de formación de adultos ou de reforzo educativo, 0,0050 puntos/hora
- c.2) cursos de formación de carácter xeral: 0,0025 puntos/hora

A experiencia profesional deberá xustificarse mediante contratos de traballo e vida laboral expedida pola Seguridade Social acreditando sempre a categoría profesional desempeñada, para os apartados a) e b), non computándose os períodos inferiores a un mes.

O apartado c) deberá xustificarse mediante certificación expedida polo organismo correspondente, no que deberá constar a duración dos cursos.

- **Coñecemento da lingua galega**: ata un máximo de 1 punto, que se valorará da seguinte forma:

- Curso de Iniciación ou CELGA 3: 0,50 puntos.
- Curso de Perfeccionamento ou CELGA 4: 1 punto.

- **Realización de cursos de formación**: ata un máximo de 2 puntos, por cursos directamente relacionados coas funcións a desenvolver, que se valorará de seguinte forma:

- Por cada curso de 20 a 40 horas de duración: 0,10 puntos.
- Por cada curso de 41 ata 60 horas de duración: 0,20 puntos.
- Por cada curso de 61 horas ata 100 horas de duración: 0,50 puntos.
- Por cada curso de mais de 100 horas de duración: 0,75 puntos.

A acreditación dos cursos debera realizarse mediante o certificado de asistencia, ou copia cotexada, onde figure o número de horas do mesmo.

Non se terán en conta os cursos aportados nos que non se acredite a súa duración nin os que non acaden as 20 horas.

- **Proxecto educativo**: ata un máximo de 4 puntos. Para a valoración do Proxecto teránse en conta aspectos como:

- Planeamento
- Metodoloxía de traballo
- Recursos didácticos
- Obxectivos a corto e longo prazo.



ANEXO II
MODELO DE INSTANCIA

“ D/D^a con DNI (ou pasaporte) núm. con enderezo na rúa
..... núm., código postal, localidade....., teléfono
.....

EXPÓN:

1º.- Que desexa participar no concurso convocado para cubrir a praza de alfabetización e formación de adultos e, mediante contrato por obra ou servizo, a tempo parcial, convocada polo Concello de Teo, publicado no Diario, de data

2º.- Que reúne todos os requisitos esixidos nas bases da convocatoria, que declara coñecer.

3º.- Que achega a seguinte documentación:

- a) Fotocopia do DNI (ou Pasaporte), debidamente compulsada.
- b) Copia da titulación oficial da licenciatura, debidamente compulsada
- c) Certificado oficial de estar en posesión do curso de aptitude pedagóxica.
- d) Relación dos méritos alegados, aos que se refire o Anexo I das bases, pola orde establecida na convocatoria, e xustificación documental dos mesmos (orixinais ou copias compulsadas).
- e) Proxecto educativo

Polo que SOLICITA:

Que se teña por presentada esta solicitude e se lle admita para tomar parte no concurso convocado para cubrir a citada praza.

..... a de de

(Sinatura)